

## **SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE OUTUBRO DE 2.011**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e cinco minutos do día 28 de outubro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D. Serafín Vázquez Arias, D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- MOCIÓNS DO BNG CON N° DE REXISTRO DE ENTRADA 3.232 de 12-09-11; N° 3771 de 24-10-11 e 3807 de 26-10-11.**

Moción con número de rexistro de entrada 3.232.

#### **MOCIÓN SOBRE AS DEVOLUCIÓNS CORRESPONDENTES ÁS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS DA PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO**

O actual sistema de financiamento das entidades locais foi impulsado e aprobado polo PP e mantido polos gobernos do PSOE, o que nos aboca hoxe non só á minoración dun importante montante dos ingresos dos concellos senón a devolución das liquidacións negativas da participación nos ingresos do Estado (PIE), pondo en perigo o mantemento dos servizos públicos locais e á quebra económica e existencia dalgúns concellos.

Os efectos da crise, sumada a insuficiencia financeira crónica dos concellos, constitúe unha mestura explosiva que está a provocar dificultades para atender os servizos públicos

Pero ese modelo de financiamento local, que subordina aos concellos a unha existencia de sobressaltos e angustia económica, afecta tamén á participación da Xunta de Galiza na distribución dos recursos e emprega criterios discriminatorios co noso país ao non ter en conta factores como a dispersión dos núcleos de poboación e o avellentamento, factores estruturais que impiden un axeitado modelo de financiamento ás administracións públicas locais. .

Non existen medidas reais para superar esta grave situación, simplemente esixen a devolución das liquidacións negativas da PIE de xeito mecánico e administrativo, levando a cabo medidas económicas que prexudican aos concellos e a sociedade en xeral, familias, traballadores e traballadoras. E desta situación son responsábeis tanto o

PSOE como o PP que presiden gobernos con competencias e recursos para que a situación económica tome un rumbo diferente outorgándolle un papel distinto ás administracións e garantindo o seu funcionamento normal. Xa que logo, debe establecerse de xeito urxente un aprazamento na devolución da PIE, condicionando a devolución en todo caso a que non se poña en risco a suficiencia financeira dos concellos para atender servizos públicos básicos, e tamén unha revisión a fondo do sistema de financiamento local.

Os concellos galegos, que representan aproximadamente o 6,5 % da poboación do Estado español, reciben un 5,27% da participación nos ingresos do Estado. Mentres os concellos de Galiza reciben 176,54 euros por habitante, a media no conxunto do Estado recibe 221,07 euros. Así, queda patente que o financiamento dos concellos desde o Estado é insuficiente e inxusto: só ten en conta a poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) e non ten en conta que os custos dos servizos en Galiza son máis altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional e o avellentamento da poboación. Neste sentido compre recordar que Galiza conta coa metade dos núcleos de poboación do Estado: 36.000; e que a dispersión encarece os custos da prestación dos servizos. É necesario reformar o financiamento local e incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado. Así, débese integrar plenamente a transferencia da participación nos ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galiza, e esta transferencia deberá ter en conta o maior custo dos servizos en Galiza..

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. A que demande do Goberno do Estado a elaboración un Plan que garanta o gasto torrente aos concellos e a acordar unha moratoria no pagamento das liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado (PIE).

2. A que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da PIE, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

3. Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galia.

Outeiro de Rei, 12 de Setembro 2011

Trala defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do BNG, fai uso da palabra o voceiro do PSdG-PSOE, quen recalca o compromiso do seu partido co financiamento da CCAA de Galicia e das súas entidades locais, e recorda que na última lei de financiación xa se introduxeron criterios de distribución da financiación baseados na dispersión poboacional e o avellentamento.

Asemade, recorda que na última lexislatura Galicia acadou o meirande índice de inversión do Estado per cápita.

No que atinxe ao aprazamento da devolución das entidades locais da participación nos ingresos do estado, o grupo municipal socialista xa propuxo que se inste ao

Ministerio de Política Territorial para que, conxuntamente coa FEMP, estuden as condicións do aprazamento desta devolución, así coma o mantemento da PIE en cantidades non inferiores aos anos anteriores.

O sr. Alcalde fai uso da palabra, e recorda que neste Pleno xa se tratou este asunto en termos moi semellantes. Tamén recorda que o seu grupo sempre abogou por unha mellora da financiación local.

No que atinxe a situación que se denuncia nesta moción, recorda que trae causa do feito de que dende o Goberno do Estado rexido polo PSOE, ao confeccionar os orzamentos ignorouse a crise económica e prevíronse uns ingresos moi superiores aos que finalmente se realizaron.

E a diferenza entre os ingresos orzamentados polo Goberno socialista na súa teima de negar a crise e os realmente materializados son os que agora teñen que devolver concellos e CCAA.

Esto crea unha situación gravísima, xa que como consecuencia da crise as Administracións ingresan moito menos, ao que se lle engade a obriga de devolver unha cantidade correspondente ao PIE erróneamente calculado polo Goberno. Pola contra, os servizos deben seguirse prestando e custan o mesmo.

Considera que quen debe responder desta situación foi quen a creou: o Goberno do Estado, e non trasladar o resultado desta xestión nefasta as restantes administracións.

Polo tanto propón modificar a moción de feito que se engada un último punto que diga: *“instar ao Goberno do Estado para que anule as liquidacións negativas e para que teña en conta nos sucesivos orzamentos as variables de dispersión e envellecemento”*, xa que o que ten que adoptar as medidas é o Goberno do Estado, non a Xunta de Galicia.

O voceiro do grupo municipal do BNG aclara que, conforme o sistema de financiación pactado por ámbolos dous grandes partidos, a participación no ingresos do ano 2008 (que agora hai que devolver), calcúlase en relación cos ingresos acadados no ano 2006, e de aquí ven o desfase.

O voceiro do PSdG-PSOE, insiste no esforzo inversor do Estado en Galicia, que é o maior da democracia, así como o feito de que a Xunta non adoptara medidas semellantes, xa que a inversión da Xunta foi moi inferior.

E comparte as apreciacións do concelleiro do BNG no sentido de que o cálculo no PIM do 2008 foi resultado da aplicación da lei de financiación, non dunha falla de previsión.

O sr. Alcalde insiste en que a situación económica á que nos levou o Goberno do PSOE é insostible, e que os Gobernos sucesivos, tanto autonómicos como estatais non poderán facer outra cousa durante varios anos que pagar as débedas pendentes.

E en relación a quenes pretenden saír da crise gastando máis recórdalles que o problema é que xa non hai quen nos preste cartos para seguir gastando. Polo tanto o único camiño que queda é o dos recortes.

O cálculo da participación nos ingresos do Estado (PIM) realízase cada ano con ocasión da aprobación dos Orzamentos, e que él recorde, no ano 2008 o BNG apoiou ao PSOE na aprobación dos orzamentos que agora traen estos problemas.

E claro que había unha lei que establece o marco de financiamento, pero iso non implica que o Goberno no poida axustar a financiación en base a unha previsión

razoable de crecemento. Outra cousa é que non quixeran facer esa previsión para enganar aos cidadáns e ocultar a crise.

Pero os cidadáns son intelixentes, e se lles poderá enganar algunha vez, pero non sempre, e nas próximas eleccións se verá.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita coa modificación proposta polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, de feito que se engada un último punto que diga: *“instar ao Goberno do Estado para que anule as liquidacións negativas e para que teña en conta nos sucesivos orzamentos as variables de dispersión e envellecemento”*.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con nove votos a favor e dous abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE.

Moción con número de rexistro de entrada 3771.

ARCADIO LOMBAO ROMAN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concedo de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN PARA A RESTITUCIÓN DE AXUDAS AOS CONCELLOS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

EXPOSICION DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza, mediante unha Orde ditada pola Consellaría de Educación, o pasado día 7 deste mes, procedeu a eliminar as axudas dirixidas a Concellos en materia de normalización lingüística. Estas axudas víñanse concedendo anualmente desde hai moitos anos, e permitían que algúns concellos contasen con servizos de normalización lingüística, ou desenvolvesen actividades de promoción e dinamización do noso idioma.

Tanto o Estatuto de Autonomía de Galiza, que vincula aos poderes públicos ao emprego do galego en todos os ámbitos, como a Lei de Normalización Lingüística, que establece compromisos concretos neste campo, a desenvolver polos concellos, determina a necesidade de activar medidas, baixo dirección e coordinación do Goberno galego, para normalizar o uso do idioma propio de Galiza na administración local.

O goberno do Partido Popular, utilizando como coartada os obxectivos de estabilidade orzamentaria e déficit público, eliminan as axudas para a lingua galega, e cumpren co seu programa político: a liquidación do uso do noso idioma tamén no ámbito oficial. Pero, esta agresión tamén conleva a desaparición dos servizos de normalización lingüística e a eliminación de numerosos postos de traballo de técnicas e técnicos municipais de normalización, incumpríndose os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, e agudizando o ataque ao galego.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Instar á Xunta de Galiza a

1.- Restituir, con carácter de urxencia, as axudas destinadas aos Concellos en materia de normalización lingüística, baixo os seguintes criterios:

a. Resolución urxente das axudas a fin de que cada concello coñeza o importe e poida planificar as súas actuacións.

b. As axudas daránlle prioridade á creación, mantemento e estabilidade dos Servizos Municipais de Normalización Lingüística.

c. As axudas contribuirán ao financiamento das accións normalizadoras durante a totalidade do ano.

d. Que todos os concellos, con independencia da súa poboación, poidan acceder ás axudas, sen prexuízo da promoción de servizos comarcalizados a través da agrupación de concellos.

2.- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza”.

Rematada a defensa da moción polo voceiro do BNG, fai uso da palabra o voceiro do PSdG-PSOE, quen denuncia que o pasado 9 de setembro unha Orde da Consellería de Educación da Xunta de Galicia deroga a orde reguladora das achegas ás Entidades Locais para o uso do Galego e outra do 11 de marzo reguladora das achegas para edicións en galego de recursos didácticos non universitarios.

Esto parécelles moi grave, xa que ao perxuízo para o uso do galego engádese o perxuízo económico algunha editorial que redundará negativamente no emprego.

Recorda que o PSdG-PSOE presentou no Parladoiro de Galicia unha proposición non de lei co gallo de que a Xunta rectifique.

O voceiro do grupo municipal do PP, recorda que facer política é sobre todo, priorizar a asignación de recursos. E a situación económica actual esixe, todavía máis, esta priorización.

E cando hai algúns servizos que hai que prestar si ou si e non hai cartos para manter o nivel de prestación de servizos anterior, hai que prescindir de outros gastos ou servizos que, sendo convenientes, non son tan imprescindibles.

Neste concello o uso do galego está normalizado, e úsase dacotío dende sempre, uns con total normalidade, outros pretendendo facer bandeira del. Pero advirte que o galego é patrimonio de tódolos galegos, non duns poucos nin dun partido político.

O voceiro do BNG parécelle tremendo que o galego non sexa unha prioridade nos orzamentos da Xunta de Galicia, xa que nos somos galegos e o galego forma parte da nosa identidade.

Rexeita que o galego estea normalizado, e a proba é que o PP dende que chegou ao goberno da Xunta o único que fixo foi atacar ao galego, primeiro no ensino e agora coas achegas á normalización.

O voceiro do PSdG-PSOE afirma que chove sobre mollado, xa que esta non é senón a última de unha serie de medidas que abogan no mesmo sentido, coma a modificación da Lei de Función Pública de Galicia, que antes esixía un coñecemento mínimo do Galego polos funcionarios. Por outra banda, recorda que estas medidas se están a adoptar en contra dos criterios de institucións como a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega ou o Consello Escolar de Galicia, que se opoñen a esta deriva.

O voceiro do PP cree irresponsable a posición daqueles que ven tras cada medida unha argucia. Tanto o BNG coma o PSOE afirman que se están a recortar custes coa disculpa da crise. Pero a crise non é unha disculpa, é unha realidade, e esta realidade económica tan desastrosa creárona, precisamente, o PSOE co apoio do BNG, e agora tócalle xestionala ao Partido Popular.

E a xestión desta realidade económica desastrosa creada polos partidos que agora critican, esixe adoptar medidas de recorte do gasto, xa que non se pode gastar máis do que se ten.

Por suposto que cree que o galego é importante, pero non ten que ser importante necesariamente nos orzamentos da Xunta, senón no día a día dos galegos.

Neste concello seguirase a utilizar o galego con total normalidade, como se fixo sempre, que é o xeito de defender o idioma, e hai que deixarse de subvencións e mocións e cousas polo estilo. E insiste que no Concello de Outeiro de Rei, dende fai moitos anos, os cidadáns pódense expresar no idioma oficial que elixan e con total liberdade, sin imposicións.

Recorda que o que favorece o galego é utilizalo con normalidade, pero buscar o enfrentamento co uso do idioma non lle beneficia en nada.

Rematado o debate, sométese a moción a votación.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e do PSdG-PSOE.

Moción con rexistro de entrada 3807.

“ARCADIO LOMBAO ROMAN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concelo de Outeiro de Rei. Ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

#### MOCIÓN RELATIVA ÁS POLACAS DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación máis clara e brutal da desigualdade aínda existente entre mulleres e homes na nosa sociedade, poñendo de manifesto que falta moito camiño por andar até rematar completamente coa discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

Nos últimos anos déronse pasos importantes no eido legal, superando a visión que reducía o problema ao ámbito privado e asumindo que a loita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación deben implicarse o conxunto de poderes públicos e toda a sociedade.

O Parlamento de Galiza no ano 2007 deu un paso moi importante nesta dirección ao aprobar unha Lei específica que trata integralmente todo o referente á violencia de xénero. A citada lei, por vez primeira, fai un tratamento da violencia de xénero desde unha perspectiva integral, recoñece dereitos económicos e sociais para as mulleres que se atopen unha situación de violencia machista e impón unha serie de obrigas para as administracións públicas de carácter tanto preventivo, como formativo e de asistencia ás vítimas. Mais hai outro cambio relevante que introduce esta norma, a apertura dos recursos sociais a todas as mulleres con independencia de que contén cunha orde de protección ou non. Unha medida necesaria que pretende incrementar os resortes institucionais de apoio as mulleres. A aprobación desta lei supuxo ademais o

compromiso firme de incremento dos recursos destinados na Gatziza a loita contra a violencia de xénero.

Non obstante a día de hoxe, e a pesar das diversas peticións do BNG, o goberno do PP na Xunta de Galiza, non puxo en funcionamento os instrumentos legislativos previstos para a protección das vítimas de violencia de xénero, e máis, parece considerar prescindíbeis e superfluas a maior parte das accións preventivas e doutro tipo que se viñan poñendo en marcha nos últimos anos de cara á erradicación da violencia de xénero.

Entre as previsións pendentes de desenvolvemento na Lei está a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un órgano institucional da Xunta de Galiza que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero. Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficacia das políticas e recursos que se dedican a esta finalidade. Xa no informe elaborado a finais de 2008 pola Secretaría Xeral de Igualdade sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, se puña de manifesto a existencia dun borrador de decreto no que se estaba traballando a fin de poder cumprir con este mandato legal de poñer en funcionamento o Observatorio, e a pesar disto, a día de hoxe, non hai ningunha medida ao respecto..

Xa o pasado ano, no mes de novembro, con motivo do Día da Non Violencia Contra as Mulleres, puñamos de manifesto esta cuestión, máis estes e outros aspectos do texto legal fican aínda por desenvolver. Existen ademais moitas medidas que é necesario seguir a impulsar de xeito continuado para lograr que sexan eficaces. Por exemplo, nas medidas de sensibilización social ou de formación das e dos profesionais que traballan en sectores relacionados, directa ou indirectamente, co tratamento de vítimas de violencia de xénero, cousa que non se está a facer. Non podemos permitir que se inclúan as políticas dirixidas á loita contra a desigualdade entre mulleres e homes entre esas materias das que se pode prescindir coa escusa da austeridade, mentres os cartos públicos se seguen a malgastar en outros temas de moita menos relevancia. A erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade de calquera goberno, que ten que materializarse na mobilización de recursos e no cumprimento das disposicións legais vixentes nesta materia.

Pero se non chegara coa paralización do desenvolvemento da lei e das políticas destinadas á prevención, estamos asistindo ao desmantelamento das poucas estruturas básicas coas que a administración galega contaba neste ámbito, baste recordar a disolución realizada o ano pasado do Servizo Galego de Igualdade. Tamén se ve esta mesma tendencia na considerábel redución económica das partidas orzamentarias destinadas a sufragar o mantemento das medidas de prevención da violencia de xénero. .

Por todo isto, propoñémosiie ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que impulse a posta en funcionamento das obrigas impostas pola Lei 11/2007 que están pendentes de desenvolvemento; en concreto a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral.

2. Que faga unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, que se realice á formación das e dos

profesionais implicados na atención e tratamento das vítimas, e que garanta o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público cuestión tamén recollida na Lei.

3. Dar traslado desee asordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza”.

Rematada a defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do BNG, toma a palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, que recalca a importancia das políticas de violencia de xénero, especialmente as orientadas á prevención, e que a creación do observatorio non sería custoso e que impulsaría a loita contra a violencia.

O Alcalde e voceiro do PP, recorda o compromiso do Concello de Outeiro de Rei na loita coa violencia de xénero, e considera que, ao igual que co galego, esta loita non se gaña con estridencias, senón con constancia.

Polo que atinxe ao contido da moción, sinala que unicamente se refire á Xunta de Galicia, se ben a loita contra a violencia de xénero corresponde, a nivel administrativo, a Administración do Estado así como á Xustiza, que son quen deben concentrar o esforzo orzamentario neste eido.

Nembargantes, a Xunta de Galicia ven traballando a reo na loita contra a violencia de xénero, con todo tipo de accións, como a sensibilización social, a formación de profesionais, protección ás vítimas... etc., polo que esta moción debería solicitar que a Xunta continúe a loitar contra a violencia de xénero coma ata o momento, e incluír, asemade, á Administración con maior responsabilidade: a Administración do Estado.

O voceiro do BNG non comparte a valoración do sr. Alcalde sobor o esforzo da Xunta de Galicia, e afirma que non solo non se creou o observatorio previsto na Lei, senón que o que estaba feito desmantelouse coa chegada do PP.

Engade que neste eido non cabe escudarse na crise económica, xa que se está a falar de persoas e de violencia, polo que os cartos deberanse sacar de outros servizos menos trascendentes, pero sen minorar a loita contra a violencia de xénero.

E como considera que a Xunta non mellorou nada nesta loita, por iso é procedente a presentación desta moción.

O voceiro do PSdG-PSOE, recorda que as medidas ás que se fai referencia na moción non son custosas, coma a creación dun observatorio tal e como marca a lei e que permitiría orientar a loita contra a violencia de xénero tendo en conta a opinión de profesionais. Por outra banda, o Goberno central fixo moito nestos últimos anos, como impulsar a modificación do Código Civil e que tampouco supuxeron un gran custe.

O voceiro do PP afirma que, evidentemente, a violencia de xénero é un problema gravísimo, ao igual que calquer xénero de violencia, e que, evidentemente, afecta a persoas, a demasiadas persoas. Pero tamén considera que, especialmente neste problema, máis que os cartos é imprescindible a sensibilización social e dos profesionais.

En todo caso, afirma que esta moción debería presentarse perante o Parladoiro de Galicia, xa que é a Comunidade autónoma quen ten a competencia para o desenvolvemento da lei e para a creación deste observatorio, e non o Concello de Outeiro de Rei.

É indiscutible que os medios son mellorables, sobre todo na Xustiza, pero tamén é unha realidade que a situación de crise económica que abocou á desesperación a moitos fogares galegos, xera situacións de desesperación que rematan en fenómenos de



violencia, tamén de xénero, e que a loita contra a crise tamén é unha loita contra a violencia.

Remata insistindo en que, a pesar de que o fondo da moción pode ser loable, os termos son equivocados, xa que unicamente se dirixe contra a Xunta de Galicia, cando é a Administración central quen ten o maior grao de responsabilidade neste servizo, polo que tamén debería recollerse no texto da moción, polo que propón ao voceiro do BNG a súa modificación para acadar o apoio do PP.

O voceiro do BNG rexeita modificar o texto da moción.

Rematado o debate, sométese a moción a votación.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e do PSdG-PSOE.

## 2. PREGUNTAS

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do PSdG-PSOE con data de 27 de outubro de 2011 e número de rexistro 3816, do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, á amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Plenc do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación c punto da Orde do Día do Pleno da data:

1.- Respecto a consulta de pololoxía, pode explicar o Sr. Alcalde

¿Cómo nun centro de saúde público que ten listas de espera dunha semana, se ocupa cunha consulta para actividade privada?

¿Pode explicar a que ven cobrar a cantidade de 2 euros por consulta, e decir, por qué se cobra esa cantidade?

¿Pode explicar que tipo de acordos hai entre o Concello e o SERGAS, para realizar esta actividade?

¿Pode explicar quen paga ese servizo e a canto ascenden as cantidades?

¿Pode explicar si se está experimentando co Concello un sistema de Copago sanitario?

2.- Respecto ao servizo urbanístico no Concello de Outeiro de Rei, pode explicar o Sr. Alcalde

¿Canto tempo se leva de retraso na emisión de certificacións urbanísticas no Concello?

¿Como é posible que haxa persoas esperando meses por certificacións urbanísticas, necesarias para cobro de subvencións, incluso para a realización de transaccións, así como distinto tipo de licenzas e o Concello non lles de saída, por que unha traballadora esté de baixa?

Si no Concello está a traballar unha apareladora pode explicar ¿cales son as súas funcións?

### 3.- Respecto a Urbanización da Palloza en Outeiro de Rei

¿Pode explicar o Sr. Alcalde, depois de mais de sete anos, en que situación se atopa?, pode decir si hay veciños que despois dese tempo aínda seguen vivindo con luz de obra e con auga procedente dun pozo privado??"

O sr. Alcalde resposta, en relación a primeira pregunta, que o local onde está o Centro de Saúde é de titularidade municipal, polo que pode dispor del sempre y cando non sexa necesario para a prestación dos servizos sanitarios.

Non se está a prestar ningunha actividade privada, senón que o Concello está a prestar o servizo de pololoxía aos veciños do Concello, dada a gran demanda que existe do mesmo. Non é, polo tanto, un servizo sanitario que preste o SERGAS nin unha actividade privada que ocupe un local público, senón un servizo que presta o Concello a un prezo moi razoable.

Como consecuencia do anterior non existe copago sanitario, senón unha aportación dos usuarios a unha actividade municipal exactamente igual que as aportacións as restantes actividades culturais ou deportivas promovidas polo Concello.

E se o que quere o PSOE é que o Concello non preste este servizo de pololoxía dígao claramente.

Aínda que o que realmente quere o PSOE é enganar aos veciños terxiversando a realidade.

En relación a segunda pregunta, resposta que existe un pequeno retraso motivado pola baixa de maternidade da arquitecta, se ben afecta a poucas solicitudes, existindo unicamente tres solicitudes pendentes e cun retraso de uns dous meses.

Dada a situación económica calamitosa producida polo Goberno socialista, o Concello non pode contratar unha arquitecta substituta, xa que os cartos tense que adicar aos servizos prioritarios e encima, o Concello ten que devolver 250.000 euros ao Estado como consecuencia do erro do Estado no cálculo da PIE.

As funcións da apareladora son as de apoiar aos servizos de urbanismo.

En relación coa terceira pregunta, contesta que a causa da situación da urbanización a Palloza é a mesma que a de centos de urbanizacións neste país, que non é outra que unha política económica desastrosa que levou por diante a promotores e empresarios.

Ante esta situación, e a petición da meirande parte dos propietarios do polígono, o Concello substituíu o sistema de actuación, o que debería coñecer xa que a substitución acordouse neste mesmo Pleno, tralo cal o Concello contratou a redacción dos proxectos de urbanización que xa están a piques de seren entregados. Asemade, descoñece que haxa veciños que estén a vivir con luz de obra ou auga de pozo privado.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego con data de 28 de outubro de 2011 e número de rexistro 3829, do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta por parte da Alcaldía.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Na última remodelación da plaza do Concello, sacouse unha fonte que levaba ahí varios anos e que no seu momento se vendera como un gran logro polo goberno do PP, debido o seu elevado coste.

**PREGUNTA:**

1.- ¿Cal e a ubicación actual da citada fonte?”

A fonte está debidamente gardada (non a base, que era de formigón e demoleuse, senón a peza de pedra) e se colocará de novo cando haxa unha praza remodelada axeitada para ela.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego con data de 28 de outubro de 2011 e número de rexistro 3830, do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta por parte da Alcaldía.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Na actualidade están presentados varios contenciosos, instando a nulidad de reparcelación do sector RA-49. Nun caso concreto, o propio Concello en resolución de 19 de Xullo de 2006, di que o afectado podía instar a nulidade da citada reparcelación, ou haberse producido indefensión, sempre e cando a vía civil lle dese a razón.

Neste caso cúmprese e o afectado presenta o Concello dúas sentencias civiles donde se lle da a razón.

**PREGUNTA:**

1.- Como se vai a posicionar ou que medidas val a tomar o Concello neste caso?”.

A instancias do Alcalde, o Secretario informa que a reparcelación na que se produxo a dobre inmatriculación xa non xurde efectos, xa que foi aprobada unha nova que substitúe a anterior. Na nova reparcelación xa se ten en conta a sentenza que aportou o interesado e a titularidade da parcela atribúese ao mesmo.

Por outra banda, na antiga reparcelación, o Concello non notificou a dito sr. o inicio do expediente, dado que o Concello tivo en conta un asento rexistral erróneo, pero iso non significa que se produxera indefensión, xa que o inicio do trámite de información pública publicouse no BOP, pese ao cal non compareceu no expediente.

En calquer caso, o único que puido lograr no seu día (antes da aprobación da nova reparcelación) foi que se calificase a parcela como litixiosa, pero en ningún momento anular a reparcelación.

Por outra banda, nesta última reparcelación foille notificado o inicio do trámite de información pública, ao que se opuxo o interesado dende a única vontade de non pagar as cuotas de urbanización.

E non habendo máis asuntos a tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e trinta e cinco minutos, da que eu, Secretario, extendo o presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde